

**III. OUTRAS DISPOSICIÓN S****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*ORDE do 11 de maio de 2022 pola que se autoriza o cambio de denominación específica do CEIP Sanjurjo de Carricarte, do concello da Coruña.*

De conformidade co previsto no artigo 8.1 do Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, aprobado polo Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo único. *Cambio de denominación*

Autorizar o cambio de denominación específica do seguinte centro:

Provincia: A Coruña.

Concello: A Coruña.

Código: 15005026.

Denominación actual: Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Sanjurjo de Carricarte.

Nova denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Torre de Hércules.

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

